

**ACORDOS DA REUNIÓN DA COMISIÓN ORGANIZADORA DO 19
CONGRESO PROVINCIAL EXTRAORDINARIO DO
PARTIDO POPULAR DE OURENSE
1 de xullo de 2024**

1.- Inscripción de compromisarios/as para participar no 19 Congreso Provincial Extraordinario do Partido Popular de Ourense.:

O artigo número 7 do Regulamento do 19 Congreso Provincial do Partido Popular de Ourense, establece os requisitos para participar no proceso congresual:

Para participar no proceso electoral (ser elector/a e elixible nas asembleas de elección de compromisarios/as e de votación dos/as precandidatos/as) será necesario ter a condición plena de afiliado/a en a data na que se acorde a convocatoria do Congreso polo Comité Executivo do Partido Popular de Galicia, non ser suspendido de afiliación, inscribirse cumprimentando o correspondente formulario de inscrición de elector/a e estar ao corrente de pagamento das cotas.

Os/as afiliados/as con máis dun ano de antigüidade deberán estar ao corrente de, polo menos, as cotas desde o último Congreso Provincial do PP de Ourense (setembro de 2021). Se a afiliación tivese lugar con posterioridade ao devandito Congreso será necesario estar ao corrente de pagamento desde a data de afiliación. O pago deberá realizarse a través de entidade bancaria antes do 28 de xuño de 2024 ás 14:00 horas.

O formulario de inscrición de elector/a estará dispoñible tanto en formato físico nas sedes do Partido Popular como en versión electrónica na páxina web do PP da provincia de Ourense, www.ppou.es, e deberá ser entregado desde o xoves 13 de xuño ata antes das 14 horas do venres 28 de xuño. No formulario deberá aparecer, polo menos, nome, apelidos, DNI, teléfono móbil, dirección de correo electrónico, sede na que está afiliado/a e firma do solicitante. Tamén deberá conter as estipulacións para que os/as rexistrados/as consintan a utilización e cesión dos seus datos para os efectos de celebración do Congreso.

Para ser candidato/a en as eleccións a compromisario/a, os/as afiliados/as previamente rexistrados/as como electores/as deben cumprimentar e entregar o formulario de inscrición de compromisario/a desde o xoves 13 de xuño ata antes das 20 horas do venres 28 de xuño. Este formulario tamén estará dispoñible en formato físico nas sedes do Partido Popular e en versión electrónica na páxina web do PP da provincia de Ourense, www.ppou.es.

Os/as compromisarios/as natos estarán automaticamente inscritos no proceso congresual..

Logo de rematar o prazo habilitado para a presentación de inscricións como elector/a e/ou compromisario/a o pasado venres día 28 de xuño de 2024 ás 20:00 horas:

Esta Comisión Organizadora do Congreso, da por nomeados/as compromisarios/as a todas as persoas que se inscribiron debidamente como tal no proceso e teñen as súas cotas ao corrente de pagamento.

Estando convocadas as diferentes asembleas para a elección de compromisarios/as, unicamente se require a celebración das mesmas na Xunta Local de A Rúa, polo que se constituirá unha mesas electoral para a elección de compromisarios/as o vindeiro xoves, 4 de xullo en horario de 10:00 horas á 14:00 horas e de 17:00 a 20:00, na sede local PP de O Barco de Valdeorras, sita na Rúa Lauro Olmo, núm. 2, 1º D (O Barco de Valdeorras).

A mesa de votación estará composta por:

José Manuel García Fernández, presidente;

Pablo Pérez Pérez, secretario;

Joana Gómez Díaz, vogal; e,

Avelino García Ferradal, vogal.

Por último toca realizar o sorteo da letra inicial do primeiro apelido do/a primeiro/a integrante da listaxe de votación, pois as papeletas confeccionaranse ordenando alfabéticamente os/as candidatos/as a compromisarios/as. O resultado foi a letra "L".



2.- Elección do lema do 19 Congreso Provincial Extraordinario do Partido Popular de Ourense.

Logo de analizar as diferentes propostas recibidas e tras un breve debate esta Comisión Organizadora, acorda, por unanimidade dos seus membros, que o lema do Congreso sexa **"Construíndo un Ourense da xente"**:

Non habendo máis asuntos que tratar, dase por rematada esta reunión sendo as 12:20 horas na sede provincial do Partido Popular de Ourense, na data arriba sinalada.

O secretario,

Vº e pr.,

A presidenta,

Asdo.: Pablo Pérez Pérez.

Asdo.: Rosa María Quintana Carballo.